CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Comprende as causas principais que explican o avellentamento da poboación actual en España e Galicia.	PE	80
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Entende a evolución dos movementos migratorios mundiais dende o século XIX ata a actualidade.		
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Analiza as causas das vagas migratorias actuais.		
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Diferencia os distintos modelos demográficos e os movementos naturais da poboación mundial mediante a análise de pirámides de poboación.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Entende o impacto da emigración e inmigración na sociedade actual.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Recoñece o papel da muller nos ciclos demográficos		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	A través de fontes orais, comprende o impacto das migracións na súa contorna próxima.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora a importancia da diversidade social e cultural froito dos movementos migratorios.	TI	20
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Comprende a relación entre as melloras sociais e os cambios nos movementos naturais da poboación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia. - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.

UD	Título da UD	Duración
11	Un mundo de cidades	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Identifica o proceso de urbanización e os cambios ocorridos nas cidades ao longo da Historia.	PE	80
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Comprende os principais problemas ambientais e sociais propios do mundo urbano e rural.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza as causas do despoboamento rural en España e Galicia a través de mapas xeográficos.	TI	20
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Debate sobre problemas actuais das cidades como a xentrificación, planificación urbana ou as megalópolis.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización. - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

UD	Título da UD	Duración
12	Desigualdade e cooperación	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Comprende as consecuencias que a contaminación do medio natural ten sobre a poboación do Terceiro Mundo.	PE	80
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Indica algunha medida a realizar para mellorar a sociedade dende o punto de vista social ou ambiental.		
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Entende o papel da ONU e das ONGs no mantemento da paz, a convivencia e a cooperación internacional.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza e compara novas de prensa sobre problemas actuais.	TI	20
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Realiza unha análise crítica de teorías científicas vixentes na sociedade actual.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Adopta unha postura crítica fronte discursos belicistas, xenófobos e discriminatorios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Valora o papel das Nacións Unidas e das institucións estatais e europeas na construción dun marco pacífico caracterizado polos valores democráticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación. - Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social. - Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos.

A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual (fomentando a capacidade de aprender por si mesmos) e cooperativo do alumnado. Buscará a consecución dos obxectivos e das competencias clave.

O obxectivo fundamental da ensinanza é a consecución de aprendizaxes significativos, partindo dos contidos (“saber”) o alumno deberá ser capaz de aplicar o aprendido á práctica, debe “saber facer” e acadar as competencias propostas no currículo. Partindo duns coñecementos previos tentaremos acadar que o alumno sexa capaz da aprender por si mesmo, “aprender a aprender”, e aplicar o aprendido á realidade da súa vida cotiá. Pero para chegar a este punto precisamos un longo proceso, plantexamos un obxectivos que deberán ter como punto de partida os coñecementos previos, cos que parte o alumno, para adaptarnos a eles e acadar unha progresión que buscará fomentar a participación activa do alumno na aprendizaxe.

A metodoloxía didáctica empregada para a construción do coñecemento significativo combina a intervención da

profesora no proceso de ensino- aprendizaxe e a intervención e implicación do alumnado para acadar a comprensión dos contidos e a súa aplicación práctica tanto nos temas de carácter histórico como os xeográficos ou artísticos. É dicir, trátase dunha metodoloxía integradora onde se combina a aprendizaxe por recepción e por descubrimento.

A motivación é un aspecto importante para captar o interese dos alumnos e alumnas, é necesario que a presentación dos temas conecte o máis directamente posible cos intereses dos alumnos, cos seus coñecementos previos da temática a tratar, ca súa experiencia persoal ou ca actualidade económica, política e social.

Entre as actividades que facilitarán a asimilación dos contidos e a posta en práctica do tratado na clase están:

- Análise de textos históricos, periodísticos, mapas ou de materiais audiovisuais (vídeos, presentacións,...)
- Análise dos feitos no contexto temporal e espacial.
- Identificación e interpretación de estilos e imaxes artísticas.
- Realización de síntesis, esquemas ou cadros sinópticos.
- Realización de traballos individuais ou cooperativos sobre aspectos varios da materia.
- Integración de tecnoloxías da información e comunicación.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ó nivel competencial inicial do alumnado, partindo de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Consideramos que neste nivel da educación obrigatoria é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de carácter motivador, que estimulen o interese dos alumnos polos temas tratados na área.

Para iso, as unidades didácticas desenvolveranse por medio dunha metodoloxía esencialmente activa, non limitándose á exposición, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos e os máis básicos, buscando a participación constante do alumnado na construción dos coñecementos.

Dentro de cada unidade comezarase sempre por explorar os coñecementos previos sobre o tema: remuíños de ideas, preguntas na aula... Estes instrumentos facilitarán información relevante para a avaliación inicial do docente.

Consideramos necesario permitirilles ós alumnos que afonden naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia, así como aprender a facer autoavaliación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Apuntamentos e fichas do docente
Aula Virtual do Centro
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Material informático
Material audiovisual
Mapas xeográficos e históricos
Novelas históricas, novelas gráficas, cómics
Material funxible
Prensa

Con carácter xeral na materia de Xeografía e Historia de 2º da ESO usaremos o libro de texto Xeografía e Historia 2º ESO, ed. Obradoiro, Santillana – Proxecto Construindo mundos (2023). Para afondar e completar o traballo do alumnado, manexaremos outros recursos como artigos de prensa, fotografías, mapas mudos e unha serie de textos históricos e xeográficos escollidos. O obxectivo é que o alumnado remate o ano académico tendo manipulado un surtido amplo de fontes de información cas que acadar coñecementos ligados á materia.

De especial importancia vai ser o traballo no caderno de clase que vai ser revisado periódicamente para comprobar o

traballo realizado polo alumnado.

Os recursos didácticos empregados para o desenvolvemento das clases van ser presentacións, páxinas web, materiais aportados pola profesora (apuntes, imaxes e esquemas), audiovisuais (vídeos, documentais ou películas), libros de lectura ou cómics, noticias de prensa e a aula virtual.

A aula virtual funcionará como un repositorio de materiais para o alumnado. Ahí terán á súa disposición apuntes, vídeos didácticos, presentacións e esquemas. Puntualmente servirá como lugar de recepción de actividades e traballos.

Traballarase con páxinas web que, polo seu contido, os axuden no proceso de ensino-aprendizaxe e que fomenten a curiosidade polos múltiples aspectos da materia.

O uso das TICs axudará ó acceso e manexo das fontes de información e á produción de traballos por parte do alumnado. Utilizaranse recursos como prezi ou powerpoint para elaborar presentacións ou mostrar imaxes que axuden á comprensión do explicado nas clases; Google Earth ou Maps, para a localización de lugares, visitas virtuais a enclaves arqueolóxicos e análise do relevo da Terra e outros recursos en rede que poidan ser de utilidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

As probas de avaliación inicial deben ter como obxectivo a detección das dificultades de aprendizaxe, máis o coñecemento das competencias e coñecementos previos do alumnado. Os seus resultados permitirán a elaboración de programas de reforzo específicos ou cambios na programación para suplir as carencias detectadas.

Antes de realizar un instrumento de avaliación inicial, debemos ter en conta as seguintes premisas:

- Que esperamos que saiba o alumnado neste momento.
- Que competencias clave deben ter ou deben adquirir.
- Que grao de coñecemento teñen do vocabulario específico da materia.
- Cal é o seu nivel de comprensión de textos.

Ademais, calquera proba ou instrumento de avaliación inicial deberá valorar diferentes tipos de contidos e utilizar diferentes técnicas que nos permitan ver a situación do grupo en canto a súa capacidade de expresión (oral ou escrita), comprensión lectora, lectura en voz alta, interpretación de imaxes, gráficos e mapas e comprensión de nocións básicas.

As probas de avaliación inicial realizaranse de forma individualizada nos primeiros días de clase e os seus resultados serán contrastados co resto do equipo docente de cada grupo para elaborar unha estratexia de ensinanza-aprendizaxe conxunta nas avaliacións iniciais do centro.

Ó inicio de cada unidade, si se considera axeitado, plantexaranse unha serie de cuestións orais ó alumnado para saber cales son os seus coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar co obxectivo de acadar unha aprendizaxe significativa.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	6	7	10	10	10	10	8	10
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	7	100
Proba escrita	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20

Criterios de cualificación:

A aprendizaxe será avaliada tendo en conta o traballo realizado na clase, os traballos específicos de aspectos concretos dos temas e as probas escritas ou orais que a profesora considere axeitadas.

O peso dos instrumentos de avaliación recae maiormente nas probas escritas que irán encamiñadas a valorar si os alumnos e alumnas acadaron uns coñecemento mínimo, o vocabulario específico da materia e unha aprendizaxe significativa.

O resto da avaliación farase con taboas de indicadores (traballos individuais e cooperativos, caderno de clase, exposicións orais, lecturas, realización de análise de textos ou imaxes históricas).

Establecense como mínimo dúas probas escritas por avaliación que variarán en función do criterio da profesora atendendo ás características do grupo, ás necesidades do alumnado ou á duración do trimestre.

As probas escritas irán encamiñadas a valorar si os alumnos acadaron unhas coñecementos específicos e unha aprendizaxe comprensiva. A súa finalidade é mostrar si o alumno é capaz de utilizar o aprendido dun xeito práctico, analizando textos e imaxes históricas cunha redación comprensible e clara que demostre a súa capacidade de relacionar con criterio os coñecementos teóricos con fontes históricas variadas, manexando un vocabulario específico, contestando preguntas teóricas ou definindo conceptos históricos ou artísticos. A valoración de cada parte da proba variará en función do criterio do profesor, xa que os alumnos deberán aprender de forma progresiva a metodoloxía e a aplicación práctica dos contidos aprendidos. Polo tanto nas probas escritas faranse preguntas teóricas pero tamén se proporán actividades que valoren o nivel competencial do alumnado. A proba escrita poderá supoñer un 80% da nota da avaliación.

A realización de exercicios prácticos e traballos (individuais, colectivos, exposicións...) terán como finalidade o desenvolvemento das competencias básicas, a asimilación dos coñecementos teóricos e fomentar a curiosidade sobre múltiples aspectos dos temas tratados.

En cada trimestre encomendaráselle ós alumnos/as a realización dun traballo individual ou cooperativo sobre algún aspecto dos temas tratados, serán de entrega obrigatoria e poderán supoñer un 10% da nota final da avaliación.

Igualmente a atención e participación nas clases, máis o traballo realizado na aula (exercicios, libreta, participación, respecto ós compañeiros...) poderá contribuir cun 10% á nota media da avaliación. Tamén o alumnado poderá facer en cada trimestre polo menos un traballo voluntario, sobre un tema que determinará a profesora, que poderá acadar un 10% da nota.

En cada avaliación farase como mínimo dúas probas escritas e para aprobar a materia é necesario acadar unha nota media de cinco puntos.

Si un alumno ou alumna se descubrixe copiando nunha proba escrita ou si un traballo se considerase copiado ou falseado, a calificación sería 0. Este feito será comunicado ó titor/a e a seus pais ou tutores legais.

A non asistencia ós exames terá que ser xustificada, só se repetirán probas ou exames cando o alumnado aporte un xustificante médico ou teñan unha xustificación clara.

Os criterios de cualificación quedan establecidos da seguinte maneira:

- Probas escritas para determinar o grao de consolidación das competencias e contidos dos temas tratados. Estas probas corresponderanse con un 80%.

- Outros indicadores: Con un 10% valorarase o traballo que diariamente leva a cabo o alumno na clase, a atención prestada, a participación na clase, traer os materiais escolares e os respecto ós compañeiros tamén se valorará. Outro 10% correspóndese ca realización do traballo individual ou colectivo obrigatorio. E a estes poderase sumar un 10% ca realización do traballo voluntario proposto pola profesora.

A nota final de xuño calcularase facendo a media das tres avaliacións e considerarase aprobada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5 puntos.

Sempre se terá en conta a suxección ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, especialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas.

As cualificacións de cada avaliación serán consignadas na acta e boletín correspondentes, de conformidade co establecido na normativa vixente.

Será preciso acadar un mínimo de 5 puntos para superar cada avaliación. A nota da avaliación ordinaria será o resultado da media aritmética das tres avaliacións anteriores. Considerarase aprobada a materia cando se obteña unha puntuación media igual ou superior a 5 puntos.

Criterios de recuperación:

O alumnado que nunha avaliación obteña unha cualificación inferior a 5 puntos poderá realizar a correspondente proba de recuperación, que terá lugar con carácter xeral no primeiros quince días lectivos do trimestre seguinte, aínda que a docente poderá fixar datas alternativas si o considerase pertinente.

A proba de recuperación quedará superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5 puntos. Será a última nota a que se teña en conta para a elaboración da cualificación media en xuño.

Será preciso acadar un mínimo de 5 puntos para superar cada avaliación. A nota da avaliación ordinaria será o resultado da media aritmética das tres avaliacións anteriores. Considerarase aprobada a materia cando se obteña unha puntuación media igual ou superior a 5 puntos.

De non chegar ó mínimo, o alumnado terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación final no prazos e condicións que fixe a docente. Esta proba escrita será cualificada de 0 a 10 puntos, basearase nos mínimos esixibles e considerase aprobada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para atender ó alumnado ca materia de 1º ESO pendente fíxose un Plan de recuperación de pendentes no que se establece o currículo a desenvolver para a recuperación da mesma, especificando os criterios de avaliación.

As estratexias metodolóxicas consisten na realización de actividades de reforzo que serán controladas pola profesora da materia en 2º da ESO ó que se dirixirá o alumno/a para preguntar as dúbidas que lle poideran xurdir. Púxose a disposición do alumnado un Diario de aprendizaxe, indicando as tarefas a realizar ca súa temporalización.

Na aula virtual está a lista de actividades que deberá entregar cada trimestre e as datas de entrega máis as dos exames. Isto foi comunicado ás familias por escrito e a través do Abalar.

Recolleranse as actividades propostas e unha proba escrita cada trimestre, para calcular a nota seguirase o seguinte procedemento:

- As actividades serán valoradas pola profesora puntuando a súa entrega e corrección ata un 20%.
- Nos meses de novembro, xaneiro e abril realizaremos unha proba sobre os temas de cada avaliación da materia pendente. A nota acadada neste exame corresponderase co 80% da nota.

Para aprobar a materia o resultado da media das notas trimestrales deberá ser igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Tras a realización da proba inicial ou sempre que se considere necesario ó longo do curso si se observasen problemas competenciais no alumnado, de asimilación de contidos ou de aplicación destes contidos na práctica, tratarase de buscar alternativas que garantan a consecución do grao mínimo de competencias clave.

Dependendo do grao de dificultade observada no alumnado requirirase a valoración da problemática por parte do Departamento de Orientación tentando acadar conxuntamente unha solución que permita superar os problemas plantexados.

As vixentes disposicións e normas indican que se debe dar un tratamento específico ó alumnado, que polas súas circunstancias o precisen, facendo uso dos protocolos sobre atención á diversidade elaborados pola Consellería de Educación e recomendados para a súa atención.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social								X
ET.2 - Educación ambiental								
ET.3 - Educación para a igualdade		X						
ET.4 - Emprendemento								
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible								
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				X
ET.2 - Educación ambiental		X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade		X		
ET.4 - Emprendemento			X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita				
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible		X	X	X
ET.7 - Educación para a paz				
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X

Observacións:

Os contidos transversais traballan actitudes directamente relacionadas cos contidos conceptuais e procedimentais, teranse especialmente en conta os seguintes:

- Principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social: facendo especial inciso na igualdade entre homes e mulleres, na prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade.
- Prevención da violencia, en calquera das súas formas.
- Educación para a paz
- Comprensión lectora, oral e escrita.
- Educación cívico-social
- Educación ambiental

Fundamental tamén nesta materia é o respecto á multiculturalidade, establecendo lazos de unión entre as diferentes culturas e sociedades do mundo actual, valorando positivamente o papel dos organismos que traballan pola defensa dos dereitos humanos e a paz. Incidindo especialmente no traballo solidario, a cooperación e colaboración cos demais.

Estos contidos traballaránse en función dos temas tratados en cada unidade. Incidirase na comprensión lectora e a expresión oral e escrita, que nesta materia é fundamental.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	complementaria		X	
Asistencia a charlas	complementaria		X	
Excursións de interese didáctico	complementaria			X
Roteiros didácticos	complementaria			X
Proxección de cine	complementaria		X	
Asistencia a representacións teatrais	complementaria		X	

Observacións:

As actividades complementarias teñen como finalidade completar o proceso de ensino-aprendizaxe mediante actividades no propio centro ou saídas didácticas desenvoltas polo Departamento de Xeografía e Historia para acadar un aproveitamento didáctico diferente ó realizado nas aulas. Podería plantexarse como unha aplicación práctica do visto na aula.

A proposta para este curso é unha visita a Santiago, difícil de desenvolver polos grupos tan numerosos que temos en todos os cursos deste nivel.

Si ó longo do curso se plantexase a posibilidade de facer unha actividade dentro do centro ou visitar algunha exposición que poidese ampliar a formación do alumnado tamén se terá en conta.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Demuestra coñecemento da materia

Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Valoración xeral da materia
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados
Metodoloxía empregada
Planifica leccións, ensina e avalía
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Motiva ao alumnado
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
Os obxectivos didácticos están ben formulados
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
É innovador/a
Revisa a realización das tarefas propostas
Sabe dirixir as clases
Cumpriu co horario de clase
A temporalización foi adecuada
Medidas de atención á diversidade
Ofrece oportunidades de recuperación
Valora o esforzo
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
Clima de traballo na aula
As actividades foron variadas e motivadoras

Descrición:

O departamento de Xeografía e Historia realizará un seguemento do proceso de ensino-aprendizaxe e a Programación Dicáctica a través da realización de cuestionarios que se presentarán ó alumnado cando o profesorado o considere axeitado.

En función da valoración dos resultados obtidos nestes instrumentos e os resultados académicos obtidos, proporáanse medidas de flexibilización, revisión ou corrección da programación e o proceso que poden afectar a:

- Materiais didácticos e concrecións metodolóxicas.
- Temporalización.
- Criterios de calificación e mínimos esixibles.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación desta programación supón o seguimento a través da aplicación Proens por períodos de avaliación por parte do profesorado que imparta a materia e por parte do Departamento.

Nas reunións de Departamento analizarase o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas, podéndose introducir as medidas correctoras que se consideren oportunas. Os problemas detectados sinalaranse na Memoria final para facer modificacións precisas na programación do vindeiro curso.

A programación avaliarase según os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos.
- Evolución do alumnado e resultados do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Asimilación de valores e actitudes.
- Asimilación de competencias clave.
- Adecuación do plantexado na programación: contidos, secuenciación, temporalización, metodoloxía.

9. Outros apartados